

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.^a,
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 22.10.2015 Hora: 10:30

A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 22 de outubro de 2015, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 39474 (09/POC-005881)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baamonde Díaz, Agustín e 7 máis
Sobre as principais estratexias que está a implementar o Goberno galego para mellorar a presenza, a visibilidade e o posicionamento da cultura galega alén das nosas fronteiras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 512, do 03.09.2015
- 1.2 41061 (09/POC-006129)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Vázquez Díaz, Ramón e Ron Fernández, José Javier
Sobre a problemática existente en relación co inicio do curso escolar 2015-2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 519, do 15.09.2015
- 1.3 42360 (09/POC-006310)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa incidencia que está a ter na organización dos centros educativos que imparten educación secundaria e bacharelato a elaboración das programacións didácticas previstas na LOMCE, así como a situación do alumnado que remate a FP básica en xuño de 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 534, do 14.10.2015

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 626 (09/PNC-000011)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajés, María Soledad
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego das medidas necesarias para protexer e preservar o patrimonio cultural, en todas as súas acepcións, do Centro Galego de Bos Aires

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 5, do 28.11.2012

- 2.2 38631 (09/PNC-003249)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de evitar situacións de acoso ou mal uso das redes sociais por parte do alumnado galego e minimizar aquelas negativas da súa imaxe nos medios audiovisuais e na internet
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 510, do 28.08.2015
- 2.3 39302 (09/PNC-003300)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a impunidade de actos de discriminación lingüística de menores polo uso da lingua galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 504, do 10.08.2015
- 2.4 41349 (09/PNC-003439)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Vázquez Díaz, Ramón e Ron Fernández, José Javier
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cómputo do alumnado que repite curso para o establecemento das ratios máximas por aula e a dotación de medios humanos e materiais dos centros de ensino público de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 524, do 23.09.2015
- 2.5 41911 (09/PNC-003493)
Grupo Parlamentario Mixto
Iglesias Sueiro, Carmen
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do incremento nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2016 da dotación económica destinada ao Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 527, do 30.09.2015
- 2.6 42266 (09/PNC-003533)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para dotar o concello de Soutomaior dun instituto de ensinanza secundaria que cubra as necesidades educativas existentes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 531, do 07.10.2015

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2015

María Soledad Piñeiro Martínez

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.^a, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

María Soledad Piñeiro Martínez

P

Vicepresidente

Antonio Mouriño Villar

P

Secretario

Emilio Vázquez Blanco

S

Vogais

Agustín Baamonde Díaz

P

Moisés Blanco Paradelo

P

María Concepción Burgo López

S

Ricardo Vicente Docasar Docasar

S

Javier Dorado Soto

P

Hipólito Fariñas Sobrino

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carmen Iglesias Sueiro

M

Cosme Eladio Pombo Rodríguez

BNG

Ramón Santos Pérez

P

Ramón Vázquez Díaz

AGE

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 22.10.2015

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 22.10.2015

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 39474(09/POC-005881)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baamonde Díaz, Agustín e 7 máis

Sobre as principais estratexias que está a implementar o
Goberno galego para mellorar a presenza, a visibilidade e o
posicionamento da cultura galega alén das nosas fronteiras

Publicación da iniciativa, 512, 03.09.2015

A Mesa do Parlamento

Agustín Baamonde Díaz, Marisol Díaz Mouteira, Javier Dorado Soto, Hipólito Fariñas Sobrino, Jesús Goldar Güimil, Antonio Mouriño Villar, Marisol Piñeiro Martínez e Ramón Santos Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

De entre as estratexias desenvolvidas habitualmente no ámbito cultural, unha das máis relevantes é a relativa á internacionalización e a proxección da creación e a produción cultural galega alén das nosas fronteiras.

Neste sentido, ademais da habitual presenza da cultura galega nas principais feiras e mercados profesionais internacionais, nestes últimos anos establecéronse importantes alianzas estratéxicas que teñen permitido, por exemplo, a celebración en Galicia do Mercado das Industrias Culturais Atlánticas no ano 2013, a asistencia das industrias culturais galegas ao primeiro Mercado latinoamericano das Industrias Culturais do Sur, ou a celebración na nosa terra da edición 2014 da feira musical Womex, a máis importante no seu sector de actividade.

Por estes motivos, co gallo de coñecer que novos pasos se están dando nesta senda, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as principais estratexias que está a implementar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para mellorar a presenza a visibilidade e o posicionamento da cultura galega alén das nosas fronteiras?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2015



Asinado dixitalmente por:

Agustín Baamonde Díaz na data 31/07/2015 09:47:46

Marisol Díaz Mouteira na data 31/07/2015 09:47:53

Javier Dorado Soto na data 31/07/2015 09:47:59

Hipólito Fariñas Sobrino na data 31/07/2015 09:48:06

Jesus Goldar Guimil na data 31/07/2015 09:48:13

Antonio Mouríño Villar na data 31/07/2015 09:48:19

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 31/07/2015 09:48:25

Ramón Santos Pérez na data 31/07/2015 09:48:28

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 22.10.2015

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 41061(09/POC-006129)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón e Ron Fernández, José Javier

Sobre a problemática existente en relación co inicio do curso escolar 2015-2016

Publicación da iniciativa, 519, 15.09.2015

Á MESA DO PARLAMENTO

Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Os copagos educativos nos servizos de comedor e libros de texto, as presas e a improvisación na implantación da LOMCE e os recortes educativos están a marcar un novo e difícil inicio de curso escolar para a comunidade educativa. Un inicio de curso no que cada familia terá que afrontar no mes de setembro un gasto medio de 700 euros para escolarizar un fillo ou filla na etapa obrigatoria, nun contexto de serios atrancos para as economías familiares.

Por outra banda o curso comezará coa desaparición de 13 escolas no medio rural galego ó que haberá que sumar a supresión de 82 aulas e 122 prazas de profesorado. Todo elo configura un balance 532 aulas e 103 escolas pechadas na era Feijoo, levando a unha situación límite do noso rural, pola falta de políticas de apoio aos nosos sectores produtivos, pero tamén pola eliminación de servizos públicos básicos como a educación. Ao mesmo tempo que isto sucede, este ano se incrementaran en 19 unidades as aulas privadas concertadas pola Consellería de Educación.

O precipitado e caótico desenvolvemento da LOMCE, feita con absoluta improvisación e desorde por parte do Goberno galego, causando caos e preocupación nos centros educativos e nas familias. Neste momento resulta evidente que o Goberno galego debe trazar un plan alternativo á LOMCE pois non vai ser quen de levala adiante, en contra de todos os axentes da comunidade educativa.

Ao mesmo tempo, apreciase un importante número de profesorado que imparte materias das chamadas afíns, accede a unha praza itinerante, ou se atopa en situación de interinidade, entre outras das múltiples formas de precarización da función docente que executa o Goberno galego.

No eido universitario continúan os recortes no sector da investigación, como testemuñan a desaparición de decenas de bolsas predoutorais comprometidas aos titulados e tituladas con mellores expedientes do país. Un Sistema Universitario que terá para o presente curso como principais desafíos a configuración do novo Plan de Financiamento Universitario e o Novo Mapa de Titulacións, e que polos datos que temos ata agora están a ser meros pretextos para eliminar fondos e carreiras do noso Sistema Universitario.

Será ademais o primeiro inicio de curso do novo Conselleiro de Educación, quen ademais das problemáticas descritas, mantén todos os frontes abertos deixados polo seu antecesor, centrados fundamentalmente na necesidade de recuperar un consenso na defensa da Lingua Galega, activar unha verdadeira política cultural que supere a centralidade da inútil Gaias e desenvolver unha verdadeira política de I+D+I que brinde unha oportunidade de futuro ao noso País e á mocidade que marcha por millares cada ano de Galicia.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta en Comisión:

Considera o Goberno galego que o inicio do presente curso escolar transcorre dentro dos parámetros que deben caracterizar a un ensino público de calidade á luz dos datos anteriormente expostos?

É consciente o Goberno galego das consecuencias que os recortes e a desorganización no Sistema Educativo teñen para o alumnado e as familias galegas?

A recuperación económica que o Goberno galego publicita ata a sociedade, vaise corresponder cun cambio de rumbo na política en materia educativa practicada nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2015.

Asdo.: Ramón Vázquez Díaz

Xabier Ron Fernández

Deputados do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 10/09/2015 17:00:55

Jose Javier Ron Fernandez na data 10/09/2015 17:01:05

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 22.10.2015

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 42360(09/POC-006310)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa incidencia que está a ter na organización dos centros educativos que imparten educación secundaria e bacharelato a elaboración das programacións didácticas previstas na LOMCE, así como a situación do alumnado que remate a FP básica en xuño de 2016

Publicación da iniciativa, 534, 14.10.2015

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ricardo Vicente Docasar Docasar, María Concepción Burgo López e Emilio Vázquez Blanco, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O Grupo Parlamentario Socialista entendía tempo atrás e segue entendendo a día de hoxe que este país leva perdidas moitas oportunidades para dotar, dunha vez por todas, de estabilidade ao sistema educativo, cuestión que, por certo, leva demandando con grande insistencia o conxunto da comunidade educativa deste país dende hai moitos anos, e co iluso desexo de evitar que a lei educativa sexa cambiada de maneira automática cada vez que se produza un cambio de goberno, situación que todo apunta se producirá, por certo, moi probablemente no mes de decembro.

O Grupo Parlamentario Socialista considerou sempre que, a pesar do que se ten afirmado con pouco rigor nos últimos anos o noso sistema educativo ten mellorado de maneira importante na súa equidade e calidade, e fomos quen de alcanzar un servizo público educativo que chegaba a toda a poboación en condicións de igualdade, e que tan malo non debiera ser cando os nosos titulados e tituladas son tan ben valorados cando saen fóra do noso país.

Durante este tempo foron varios os asuntos que teñen concitado na comunidade educativa unha enorme controversia: calendario precipitado de implantación da propia lei, posta en marcha dos novos currículos de primaria, secundaria, bacharelato e FP Básica, cambiante política de libros de texto ou o inicio das “famosas reválidas”, por poñer tan só algúns exemplos significativos.

Ao Grupo Socialista teñen chegado nas últimas semanas queixas de equipos directivos e de moitos profesores e profesoras de centros de secundaria e bacharelato en relación a cuestións que teñen afectado de maneira importante á organización dos ditos centros educativos, en concreto á elaboración das programacións didácticas ou tamén ao “limbo legal” no que quedarán os estudantes que rematen a FP básica en xuño de 2016.

 Grupo Parlamentario

Entende este grupo que a implantación temeraria que se está a facer da LOMCE está producindo situacións moi complexas para a propia organización da vida diaria nos centros educativos, e por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Ten previsto a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autorizar oficialmente aos centros educativos que imparten Educación Secundaria e Bacharelato unha “moratoria temporal” para elaborar con tempo as programacións didácticas, e que nese proceso sexan asesorados, tanto pola inspección educativa como polos centros de formación e recursos?

2ª) Ten previsto a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facer as xestións necesarias para garantir que o alumnado que remate a FP básica en xuño de 2016 teña a posibilidade de acceder a unha titulación que lle permita continuar estudando se así o desexa?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 02/10/2015 14:18:57

María Concepción Burgo López na data 02/10/2015 14:19:07

Emilio Vázquez Blanco na data 02/10/2015 14:19:11

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 22.10.2015

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 22.10.2015

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 626(09/PNC-000011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego das medidas necesarias para protexer e preservar o patrimonio cultural, en todas as súas acepcións, do Centro Galego de Bos Aires

Publicación da iniciativa, 5, 28.11.2012



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputa **Marisol Soneira Tajes** e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

Centro Galego de Bos Aires é moito máis que un hospital. Fundado en 1907 pola *“iniciativa dun grupo de galegos emigrados, homes visionarios, cheos de morriña pola terra que tiveron que deixar, xurdiu a idea de crear unha casa que os acubillara, e que fora o refuxio de todos os paisano. Por iso se di que aqueles xoves galegos pensaron tanto na saúde do corpo como na saúde da alma”*, tal como reflicten os primeiros parágrafos da historia deste Centro que figuran na súa páxina web http://www.centrogallegoba.com.ar/nuestra_historia.html.

Xeracións de emigrantes galegos, e doutras procedencias, naceron nas magníficas instalacións do Centro Galego de Bos Aires. Moitos homes e mulleres deixaron alí o seu último alento, entre eles Alfonso Daniel Rodríguez Castelao que atopou na solidariedade dos galegos do exterior o que o réxime inmisericorde lle negaba aos que, coma el, defendían a Terra e os principios democráticos e republicanos.

Pero o Centro Galego de Bos Aires é moito máis que un hospital. A súa labor cultural, desenvolvida esencialmente polo Instituto Arxentino de Cultura Galega, posúe una importante Biblioteca, con máis de 20.000 volumes; o Teatro “Castelao”, una importante sala totalmente remodelada, con capacidade para 400 persoas; una Sala de Arte na planta baixa, que leva o nome Isaac Díaz Pardo, na que se realizan exposicións de destacados artistas, mentres que no 1º piso está radicado o salón “Otero Pedrayo”, utilizado para reunións, conferencias e actividades culturais diversas.

O Instituto Arxentino de Cultura Galega ten na súa custodia importantes obras de arte, entre os que poden mencionarse obras pictóricas de Castelao, Colmeiro, Blanes, Soutomayor, Laxeiro, etc.; estatuas y esculturas, cadros e presentes artísticos.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Desde 1950 “Ediciones Galicia” do Centro Galego de Bos Aires, editou 58 títulos y 7 discos de larga duración, a maioría en idioma galego. Posúe un importante arquivo sonoro onde están recollidas dende 1947, as conferencias pronunciadas por destacados intelectuais galegos que pasaron por esta Casa, entre outros, Otero Pedrayo, Martínez Risco, Castelao, Cunqueiro, Blanco Amor ou García Sabell, ademais de intelectuais arxentinos de gran nivel, entre eles Battistesa, Córdoba Iturburu, Ghioldi, etc.

Así mesmo, o órgano de difusión do Centro Galego de Bos Aires é la revista “Galicia”, decana das publicacións galegas na diáspora.

Por el pasaron figuras da talla de Arturo Capdevila, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Francisco Luis Bernárdez, Francisco Fernández del Riego, Camilo José Cela ou Jorge Luis Borges, entre outros moitos.

Hoxe o Centro Galego está intervido polas autoridades arxentinas e o futuro de todo este patrimonio artístico, cultural e histórico corre un grave risco. Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista, presenta para o seu debate a seguinte proposición non de lei en Comisión.

O Parlamento galego insta ao Goberno de Galicia a que, con carácter de urxencia, aborde todas e cantas medidas fosen precisas para protexer e preservar o patrimonio cultural, en tódalas súas acepcións, do Centro Galego de Bos Aires.

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 20/11/2012 17:56:37

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/11/2012 17:56:47

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 22.10.2015

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 38631(09/PNC-003249)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de evitar situacións de acoso ou mal uso das redes sociais por parte do alumnado galego e minimizar aquelas negativas da súa imaxe nos medios audiovisuais e na internet

Publicación da iniciativa, 510, 28.08.2015

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Hipólito Fariñas Sobrino, Agustín Baamonde Díaz, Javier Dorado Soto, Jesús Goldar Güimil, Antonio Mouriño Villar, Marisol Piñeiro Martínez, Marisol Díaz Mouteira e Ramón Santos Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Aínda que en Galicia os datos cuantitativos sobre condutas contrarias á convivencia escolar non son alarmantes, o Grupo Parlamentario Popular comparte coa Xunta a necesidade de afondar desde o eido educativo na prevención e loita ante situacións conflictivas entre membros da comunidade educativa, con especial atención á protección do noso alumnado.

Nos últimos anos, o compromiso do Goberno galego a prol da mellora da convivencia nas aulas materializouse a través de distintas medidas e actuacións, que van desde a sensibilización, a orientación e asesoramento, pasando pola elaboración de diverso material de apoio.

Cabe salientar o traballo normativo realizado, a través da aprobación da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de Convivencia e Participación da comunidade educativa, o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que a desenvolve.

Ao amparo deste marco, a Xunta de Galicia definiu a mediados do pasado mes de abril unha 'Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020', coa que seguir innovado e dotando á comunidade educativa galega de elementos que contribúan garantir un bo clima nas aulas da nosa comunidade.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2015 09:30
Nº Rexistro: 38631
Data envío: 09/07/2015 14:13:53.327

No Grupo Parlamentario Popular saudamos estas iniciativas porque somos conscientes de que a convivencia é un factor imprescindible para a mellora da calidade educativa, para garantir o éxito escolar e para facilitar o labor docente.

Tamén somos conscientes de que na sociedade actual, co auxe das tecnoloxías, das redes sociais e dos servizos de mensaxería instantánea da Internet, aparecen novas situacións, as veces negativas, e xorden cambios nas relacións que afectan aos distintos membros da comunidade educativa no día a día dos centros educativos.

Faixe preciso ofrecer orientación e axudar a que alumnos/as, profesores/as e pais/nais para facer fronte ás novas realidades derivadas, por exemplo do uso de imaxes a través de redes sociais ou de mensaxería instantánea.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a informar e orientar ás comunidades educativas na prevención, conciliación e mediación en materia de uso das TIC, a fin de evitar situacións de acoso ou mal uso das redes sociais por parte do alumando galego e minimizar situacións de negativas da súa imaxe nos medios audiovisuais e en internet.”

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/07/2015 14:01:27

Hipólito Fariñas Sobrino na data 09/07/2015 14:01:36

Agustín Baamonde Díaz na data 09/07/2015 14:01:48

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com



Javier Dorado Soto na data 09/07/2015 14:01:55

Jesus Goldar Guimil na data 09/07/2015 14:02:02

Antonio Mouriño Villar na data 09/07/2015 14:02:10

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 09/07/2015 14:02:17

Marisol Diaz Mouteira na data 09/07/2015 14:02:20

Ramón Santos Pérez na data 09/07/2015 14:02:27

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 22.10.2015

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 39302(09/PNC-003300)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia
para evitar a impunidade de actos de discriminación
lingüística de menores polo uso da lingua galega

Publicación da iniciativa, 504, 10.08.2015



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Francisco Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en comisión**.

Segundo denunciou a Mesa pola Normalización Lingüística unha usuaria do campamento de verán organizado polo Centro Hípico Casas Novas de Arteixo ven de recibir discriminación polo uso da lingua galega. Segundo relatou a propia afectada, unha das monitoras do centro dirixiuse a unha das crianzas do campamento, de dez anos, que lle falou en galego dicíndolle que se explicaba "mal" por empregar a lingua propia de Galiza e impúxolle a esta menor o uso do castelén dicíndolle: “Aquí todos hablamos castellano y tu tienes que hablar el castellano”.

Após estar unha semana neste campamento pediulle á súa nai marchar pois sentíase continuamente desprezada e humillada por falar en galego. A nai da rapaza trasladoulle esta situación a varios encargados do Centro de Hípica Casas Novas e a única resposta que lle deron foi “no le des importancia”, “tienes que entender que aquí no todos hablan gallego” ou “será porque no la entienden”.

Desde o BNG consideramos intolerábel esta actitude, e reclamamos ao conxunto dos poderes públicos que actúen ante esta situación de clara



vulneración dos dereitos dunha menor. Convén ademais lembrar que existe un mandato legal claro que deriva do estatuto e que di con claridade no seu “artigo 5: 1. A lingua propia de Galicia é o galego. 2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar. 3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. 4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.”

Agardamos que a Xunta de Galiza censure a discriminación vivida, así como actúe para evitar que este tipo de actitudes que violentan dereitos humanos fundamentais non fiquen impunes.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e deputado asinantes, formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a investigar a fondo a discriminación lingüística dunha menor no campamento organizado polo Centro Hípico Casas Novas de Arteixo e tomar as medidas que se consideren necesarias para evitar a impunidade deste tipo de actuacións. Ademais poñerase en funcionamento un departamento onde se podan realizar denuncias por discriminación lingüística e fornecerase de xeito gratuíto, apoio xurídico ás persoas que quixeren denunciar este tipo de violacións de dereitos fundamentais.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2015 13:47
Nº Rexistro: 39302
Data envío: 28/07/2015 13:47:19.286

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2015

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada do G.P. do BNG

Asdo. **Francisco Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 28/07/2015 13:46:09

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 28/07/2015 13:46:12

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 22.10.2015

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 41349(09/PNC-003439)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón e Ron Fernández, José Javier

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cómputo do alumnado que repite curso para o establecemento das ratios máximas por aula e a dotación de medios humanos e materiais dos centros de ensino público de Galicia

Publicación da iniciativa, 524, 23.09.2015

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz** e **Xabier Ron Fernández**, ao abeiro do recollido no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, en relación co compute de alumnado que repite curso nos centros de ensino público de Galicia para o establecemento das rateos nos centros de ensino público de Galicia.

Durante o desenvolvemento dos procesos de ensino aprendizaxe e a través da información recollida mediante a avaliación continua, faise un seguimento da evolución do alumnado, do seu progreso académico e persoal e tamén do cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe previstos para cada curso e nivel educativo.

Este seguimento continuo que realiza o profesorado mediante o emprego de diversas ferramentas de avaliación que van dende a observación diaria, a aplicación de probas, a entrevista coas familias etc...posibilita o deseño e concreción dos mecanismos de apoio e atención á diversidade necesarios e das modificacións curriculares precisas para garantir o mellor progreso educativo posible para cada alumno e alumna. Desenvólvense deste xeito os coñecidos programas de apoio e reforzo educativo, as medidas de atención a diversidade e se toman as correspondentes decisións sobre a promoción do alumnado.

A repetición de curso, é outra das medidas de reforzo, de carácter extraordinario, concibida como unha forma de garantir a axeitada consecución dos obxectivos definidos para un determinado curso ou nivel educativo. Unha medida polo tanto excepcional que debe ir acompañada de outras medidas de carácter educativo que teñan en conta non só aspectos académicos, senón tamén afectivos, sociais, psicolóxicos etc...

Existe un fondo debate na comunidade educativa e na ciencia pedagóxica, sobre a efectividade da repetición de curso na mellora do rendemento académico, e son numerosos os casos de alumnado repetidor que non mellora o seu progreso académico nin persoal, mais non é o obxecto desta iniciativa afondar na conveniencia desta medida, senón resolver unha incidencia que provoca serios desaxustes no funcionamento e na calidade do Sistema Educativo galego.

A ORDE do 23 de xullo de 2014 pola que se regula a implantación para o curso 2014/15 dos cursos primeiro, terceiro e quinto de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación da LOMCE, establece que a *“A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do/da alumno/a”*.

A propia LOMCE establece no seu apartado 12 , que se prescribirá un plan específico de reforzo ou recuperación para aquel alumnado que teña que repetir un curso, entendendo claramente que a repetición por si soa, non garante un mellor aproveitamento académico dos escolares. Resulta pois evidente que dende a óptica da propia normativa, un neno ou unha nena que repite curso, precisa dun seguimento e dunha intervención educativa axeitada para garantir que esta medida incorpore mais beneficios que inconvenientes.

Mais ignorando estas evidencias, o Goberno Galego impulsa e permite unha medida tan inxusta e prexudicial como antipedagóxica e marxinatoria, baseada e non computar ó alumnado repetidor a hora de establecer as rateos máximos por aula non centros de ensino.

As equipas directivas e as familias galegas, denuncia acotío as instrucións e ordes emitidas pola Consellería de Educación obrigando a non computar a todos aqueles alumnos e alumnas que repiten cursos académico cando se configuran as listaxes de alumnos asignados a cada aula. De feito, a ORDEN de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento dos centros de educación infantil, dos centros de educación primaria e dos centros de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece

no punto 12, que o número máximo de alumnos por aula será de trinta, sen prexuízo de que este número poda ser maior como consecuencia da repetición de curso.

Deste xeito o Goberno galego, non so deixa de incorporar novos medios e recursos materiais e humanos para o establecemento de medidas de apoio para o alumnado repetidor, senón que chega ao extremo de facelos desaparecer do computo de alumnos e alumnas por aula, incrementando as rateos e dificultando en consecuencia a posibilidade de darlles unha atención axeitada.

A porcentaxe de alumnado repetidor sitúase en Galicia segundo os datos oficiais aportados polo MEC nun 4,3% en Educación Primaria e nun 12,5% en Educación Secundaria, polo que son milleiros os alumnos e alumnas que non contan para o Goberno Galego e que polo tanto non existen á hora de establecer programas ou dotar de medios e recursos educativos aos centro de ensino. Este feito provoca ademais que se impidan desdobres ou se realicen agrupamentos que superan amplamente as rateos necesarias para levar adiante un ensino de calidade.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a establecer as medidas necesarias e os cambios normativos precisos para permitir que o alumnado que teña repetido curso compute a tódolos efectos especialmente á hora de establecer as rateos máximas por aula e dotar dos recursos materiais e medios humanos necesarios para atender a diversidade de intereses, ritmos, motivacións e capacidades presentes nas aulas galegas.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2015.

Asdo.: Ramón Vázquez Díaz
Xabier Ron Fernández
Deputados do G.P. da AGE.
Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 15/09/2015 18:32:57

Jose Javier Ron Fernandez na data 15/09/2015 18:33:08

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/09/2015 18:33:17

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 22.10.2015

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 41911(09/PNC-003493)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do incremento nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2016 da dotación económica destinada ao Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

Publicación da iniciativa, 527, 30.09.2015

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª, Educación e Cultura** relativa ás dotacións orzamentarias para o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense nos orzamentos xerais do Estado para o 2016.

O pasado 20 de maio de 2014 o Pleno do Parlamento de Galicia, aprobaba unha Proposición Non de lei na que se instaba a Xunta, a que se levaran a cabo as xestións oportunas para que a reapertura do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense fose unha realidade no prazo máis breve posible, logo de levar 14 anos pechado. A Proposta foi adoptada por unanimidade.

No BOE do 18 de xuño de 2014, publicábase a Resolución da Xerencia de Infraestruturas e Equipamentos, de data 11 de xuño de 2014, pola que se convoca procedemento aberto para a adxudicación do servizo para a redacción do anteproxecto, dos proxectos básicos, de execución e da actividade, realización de traballos complementarios e dirección e coordinación de seguridade e saúde en fase de execución das obras de rehabilitación Arquitectónica do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

Na resolución contemplábase un prazo de execución/entrega de 39 meses Polo que a reapertura do Museo, non podería facerse efectiva ata o ano 2018.

A redacción do proxecto foi adxudicada o 30 de outubro do 2014, exercicio no que se gastaron 13.975.50 euros dos 397.969 previstos para eses traballos. Segundo o Goberno, a primeira fase xa foi entregada polo adxudicatario nos termos acordados e está en fase de supervisión. Isto significaba que o Museo



GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41911
Data envío: 24/09/2015 14:34:24.743

Arqueolóxico Provincial de Ourense abriría as súas portas tras 18 anos pechado.

Agora o Ministerio de Cultura ven de asignar nos orzamentos xerais para o próximo exercicio económico do 2016, a ridícula cantidade de 100.000 euros para as obras do “proxecto trianual de remodelación integral do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense”, cantidade totalmente insuficiente xa que o proxecto supera os nove millóns de euros. Deste xeito non se poderá cumprir cos prazos fixados para o remate da rehabilitación, e a reapertura non será efectiva, como mínimo, ata o ano 2020.

Ourense, a chamada “Atenas de Galicia” non pode seguir sendo a única das galegas sen Museo Provincial, privando a tantas xeracións de ourensáns do coñecemento da súa historia e dun espazo catalogado como de “Ben de Interese Cultural” e “Monumento Histórico Artístico” situado no corazón da cidade, a Praza Maior.

A cidade das Burgas precisa do seu Museo Arqueolóxico aberto posto que a demora na súa reapertura causará graves prexuízos á cidade, no eido educativo, na dinamización da vida cultural e o desenvolvemento turístico que tanto precisa Ourense.

Existe un consenso do goberno local e a maioría dos grupos políticos ourensáns, sobre a imperiosa necesidade para a cidade, do remate das obras do Museo e a súa apertura ao público. Por elo, o ex conselleiro de cultura e actual alcalde Jesús Vázquez, ven de remitir unha carta ao ministro de Cultura do Goberno español, na que solicita o aumento da dotación económica nos presupostos xerais 2016 para as obras do arqueolóxico, e poder continuar cos prazos previstos de apertura.

Para seguir co cumprimento dos acordos tomados por unanimidade na Cámara do Parlamento de Galicia o 20 de maio do 2014, e todo o anteriormente

2



GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41911
Data envío: 24/09/2015 14:34:24.743

exposto, a deputada Carmen Iglesias Sueiro presenta a seguinte **Proposición non de Lei** para o seu debate en **Comisión**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno do Estado un aumento nos Orzamentos Xerais do exercicio 2016 da dotación económica asignada ao Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense en cantidade suficiente para poder continuar coas obras de rehabilitación nos prazos previstos inicialmente.”

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2015

Asdo.:

Carmen Iglesias Sueiro

Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 24/09/2015 14:33:53



Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 22.10.2015

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 42266(09/PNC-003533)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para dotar o concello de Soutomaior dun instituto de ensinanza secundaria que cubra as necesidades educativas existentes

Publicación da iniciativa, 531, 07.10.2015



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Cosme Pombo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de dotar ao concello de Soutomaior dun instituto con capacidade suficiente para as necesidades educativas do mesmo.

Na actualidade as ensinanzas da ESO no concello de Soutomaior impártanse no CPI Manuel Padín Truiteiro. Trátase dun centro que presenta un grave problema de saturación. A este problema hai que engadir que os niveis de infantil, primaria e secundaria impártense en 3 edificios diferentes, estando un dos edificios, o de educación infantil, a 1 km de distancia dos outros dous; todo isto ocasiona todo tipo de problemas organizativos, gardas, xestión administrativa, horarios, autobuses, etc).

As necesidades dun instituto son unha evidencia dende hai décadas, o alumnado está obrigado a desprazarse a concellos como Pontevedra ou Redondela para poder continuar cos seus estudos. Este feito repercute en importantes gastos de tempo e diñeiro das familias e do alumnado. Pero ademais, tamén implica dificultades engadidas aos alumnos no seu paso de ESOS a Bacharelato como son os cambios de centro, de profesorado e de cidade no seu paso da ESO a Bacharelato.

O BNG leva reivindicando dende o ano 1997 a construción dun instituto público para Soutomaior, este traballo de reivindicación constante deu os seus primeiros froitos no ano 2007, cando a Xunta insta ao concello a poñer os terreos a disposición.

Coa volta do PP ao Goberno da Xunta, o proxecto parálizase, mais non as



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2015 18:23
Nº Rexistro: 42266
Data envío: 01/10/2015 18:23:56.712

promesas recorrentes na prensa sobre a eminente construción do instituto.

Nestas declaracións faise mención a que Soutomaior contará cun IES con 12 unidades da ESO e 4 de Bacharelato, no prego de condicións técnicas para a contratación do proxecto aparecen como necesidades mínimas as 4 aulas de bacharelato coas súas necesidades.

Tras anos promesas sen ningunha plasmación real, e de votar sistematicamente en contra das emendas presentadas polo BNG aos orzamentos da Xunta para que se incorporara partida para este fin, o Goberno galego ven de presentar, diante dos medios de comunicación un proxecto básico para a construción do Instituto. Inexplicabelmente, nese proxecto desaparecen as 4 unidades de Bacharelato e só aparecen 12 aulas da ESO. Así mesmo obsérvanse deficiencias alarmantes como que tan só hai 2 aulas para desdobres ou a inexistencia de salón de actos.

O curso pasado o CPI Manuel Padín Truiteiro foi un centro de liña 3, no se impartían: 3 unidades de 1º ESO, 3 de 2º ESO, 2 de 3º ESO, 2 de 4ºESO e 2 diversificacións. É dicir, nun curso como o do ano pasado, só na ESO cubriríanse a totalidade das unidades (12) que oferta o novo instituto.

É evidente que este proxecto non responde ás necesidades educativas d@s alumn@s do concello de Soutomaior, por esta razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Que adopte as medidas necesarias para dotar ao concello de Soutomaior dun IES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2015 18:23
Nº Rexistro: 42266
Data envío: 01/10/2015 18:23:56.712

que dea cabida as necesidades do concello e, polo tanto que teña capacidade para cando menos 20 unidades de ESO, Bacharelato e FP.

Que se garanta que o IES de Soutomaior estea dotado de todos os servizos necesarios para un ensino público de calidade, como son un número adecuado de aulas de desdobre e un salón de actos.”

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2015

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Cosme Pombo Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 01/10/2015 18:19:05

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 01/10/2015 18:19:11

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 01/10/2015 18:19:13